

COIDAR PARA MELLORAR, MELLORAR PARA COIDAR

AXUDAS PARA A MELLORA E INNOVACIÓN
DO COMERCIO LOCAL 2019





O sector comercial é fundamental na nosa cidade, tanto económica como socialmente. Xera emprego e riqueza, mais tamén nos presta un servizo e fai as nosas rúas máis dinámicas e agradables... O comercio coidanos.

Apoiar a mellora do tecido comercial en aspectos como a innovación, as condicións físicas dos locais, o equipamento ou a comunicación, é, pois, un xeito de coidar da cidade.

Con base nisto, o Concello de Santiago, desde os departamentos de Comercio e Lingua Galega, deseñou o programa de axudas COIDAR PARA MELLORAR, MELLORAR PARA COIDAR.

O obxectivo principal é achegar recursos para que Santiago sexa cada vez máis un referente comercial, cun sector atento ás tendencias, preparado para ofrecer o mellor servizo e que conecta coa clientela.

O programa inclúe, nesta fase, dúas liñas de subvención, compatibles entre si:

- **Liña A:** investimentos para a adecuación dos locais
- **Liña B:** gastos de comunicación

A que tipo de actuacións se dirixen as axudas?

- As obras e equipamentos relacionados co acondicionamento do local (distribución, funcionalidade, accesibilidade, sostibilidade, atractivo comercial...).
- A implantación de tecnoloxías da información e da comunicación (TIC).
- A dotación de equipamento e outras tecnoloxías para mellorar a competitividade.
- Os procesos de mellora comunicativa nos que se inclúa a lingua galega.
- As campañas publicitarias ou outras iniciativas de comunicación en galego.

Que gastos son subvencionables?

Gastos, cun mínimo de 600 €, que correspondan de xeito indubidable á natureza da actuación (detallados no apartado 3º das bases da convocatoria), realizados e efectivamente pagados entre o 1 de xaneiro e o 31 de outubro de 2019.

De canto pode ser a subvención?

As cantidades asignaranse en función das solicitudes que se presenten e dos puntos que obteñan ao aplicarles os criterios que recollen as bases (apartado 4º). Nunca poden superar o 80 % do gasto.

A cónfía máxima é de 5.000 € en cada unha das liñas, que son compatibles entre si.

Quen pode beneficiarse?

Terán preferencia os comercios polo miúdo, do municipio de Santiago de Copostela, cuxa actividade principal estea incluída nalgunha das epígrafes do anexo I das bases. Se non se cobren os fondos dispoñibles, poderán tamén optar outro tipo de empresas.

Exclúense os comercios localizados no ámbito do Plan especial de rehabilitación da Cidade Histórica (PE-1) para as actuacións de adecuación física dos locais, que deberán concorrer á convocatoria do programa "Localízate" do Consorcio da Cidade.

Cando se pode presentar a solicitude?

O prazo iníciase ao día seguinte da publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e remata o 31 de outubro de 2019.

Como se solicita?

As bases da convocatoria inclúen o modelo de **solicitud** (anexo II), de **declaración** responsable (anexo III) e de **xustificación** (anexo IV), que deberán presentarse xunto co resto dos **documentos sobre as circunstancias da empresa** e unha **memoria** explicativa do proxecto para o que se solicita a axuda.

Os documentos necesarios e as bases completas poden atoparse en:

www.comercio.santiagodecompostela.gal

ou en:


coidarparamellorar.santiagodecompostela.gal

E se tes algunha dúbida podes contactar co Departamento de Comercio en:

comercio@santiagodecompostela.gal

ou co Departamento de Lingua Galega:

dlg@santiagodecompostela.gal



CONCELLO DE
SANTIAGO

comercio.santiagodecompostela.gal